

CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986768238.

EXPEDIENTE: 433/2023

ASUNTO: LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCURRENCIA E DEPENDENCIA

INFORME DE CRITERIOS DE XUÍZO DE VALOR

EMITIDO POR: MÓNICA BARREIRO ESTÉVEZ.- TRABALLADORA SOCIAL DO CONCELLO DE A LAMA

VALORACIÓN CONTIDO DO SOBRE C, DAS EMPRESAS PRESENTADAS Ó CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE A LAMA

Dando cumprimento ó acordado pola Mesa de Contratación na data 05 de febreiro de 2024, onde se solicita ós servizos técnicos do departamento de servizos sociais a valoración dos Proxectos técnicos presentados polas empresas licitadoras: ADI SALU SERSOC S.L.U.(ADIPER), IDADES S.L., Marta Gil Iglesias (SALUVER) e OSVENTOS Innovación en Servizos.

Tendo en conta que as valoracións dos proxectos, dependen dun xuízo obxectivo, baseado na experiencia e leal saber e entender deste comité, óptase por acudir a un criterio numérico, hasta un total de 25 puntos . Puntos que se outorgan de acordo aos criterios xa fixados no prego administrativo emitidos por este ente público.

- A) Organigrama: (máximo 7,00 puntos)
 - Cadro de persoal , formación, sistema de cobertura e urxencias.

- B) Recursos (que a empresa dedicará á execución do contrato): (máximo 6 puntos)
 - Valorarase a existencia do maior número de traballadores sociais sobre o mínimo esixido (máximo 3,00 puntos)
 - A aportación de uniforme á auxiliares de axuda no fogar, con nome do concello e da empresa (máximo 3,00 puntos)

- C) Plan de formación continuo para o persoal: (máximo 6,00 puntos)



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986768238.

- Valorarase o plan de formación que a empresa prevé para contribuír ao reciclaxe profesional dos traballadores. A valoración realizarase segundo o número de horas por curso e diversidade das materias impartidas.

D) Plan de calidade/sistema de avaliación: (máximo 6,00 puntos)

- Valorarase a frecuencia na realización de enquisas de valoración da calidade de servizos e o número de usuarios para os que se realiza a enquisa.

Decidiuse levar a cabo unha valoración do máis obxectiva posible, fixando primeiro os aspectos aos criterios a valorar por cada un dos conceptos a baremar. Os criterios foron establecidos en función do contido dos proxectos presentados por cada unha das empresas licitadoras.

Detallamos a continuación os criterios de valoración de cada empresa por criterios:

A) ORGANIGRAMA (máximo 7,00 puntos)

ADI SALU SERSOC S.L.U. (ADIPER)

Criterio 1. Cadro de persoal e formación

Desenvolve un organigrama básico composto, no que compete a este xuízo, cun/cunha traballador/a social titulado/a e auxiliares de axuda no fogar suficientes para cubrir as horas de prestación. **(2,5 puntos).**

Criterio 2. Sistema de coberturas e urxencias

Só se fai referencia ao plan de coberturas “localizable permanentemente, debiando responder a las llamadas y mensajes con la mayor brevedad posible”. Non hai referencia algunha ao sistema de coberturas en casos de urxencia. **(1,00 puntos).**

IDADES S.L.

Criterio 1. Cadro de persoal e formación



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986768238.

Desenvolvese un organigrama completo con diversos perfiles profesionais explicando cadansúa formación específica. **(3 puntos)**.

Criterio 2. Sistema de coberturas e urxencias

Aporta diversos procedementos ante situacións previsibles e no caso de urxencias cun sistema de cobertura de persoal ofrecendo diversas estratexias **(4 puntos)**.

MARTA GIL IGLESIAS (SALUVER)

Criterio 1. Cadro de persoal e formación

Non presenta organigrama como tal. Faise referencia a distintos roles na empresa pero sin especificar a formación de cada un deles. **(0,25 puntos)**

Criterio 2. Sistema de coberturas e urxencias

Non presenta sistema de coberturas nin urxencias **(0 puntos)**

OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.

Criterio 1. Cadro de persoal e formación

Presenta un organigrama deficiente e ambiguo. En canto á formación do persoal ofrece a coordinadora do servizo e as auxiliares de axuda no fogar coa cualificación necesaria. **(1 punto)**

Criterio 2. Sistema de cobertura e urxencias

Ofrece dúas persoas no cadro de persoal adicadas a coberturas e no caso de urxencias desenvolve un protocolo de actuación **(3 puntos)**

B) RECURSOS (máximo 6,00 puntos)

ADI SALU SERSOC S.L.U. (ADIPER)

Criterio 1. Recursos persoais



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986768238.

Ofrece a un/a coordinador/a do servizo apoiado/a polas 6 traballadoras sociais da empresa **(3 puntos)**

Criterio 2. Recursos materiais

Só menciona que dotará dos EPIS necesarios para o desenvolvemento do servizo; sen especificar tipo nin cantidade dos uniformes nin os logotipos exixidos. **(0,5 puntos)**

IDADES S.L.

Criterio 1. Recursos persoais

Ofrece un coordinador do servizo apoiado por outra coordinadora que coñecerá o servizo de A Lama no caso de ausencia. **(3,00 puntos)**.

Criterio 2. Recursos materiais

Desglosa o equipo de protección individual a disposición do persoal xunto con a placa identificativa e o logotipo do concello e empresa na roupa de traballo **(3,00 puntos)**.

MARTA GIL IGLESIAS (SALUVER)

Criterio 1. Recursos persoais

Ofrece 1 traballadora social no apartado de Recursos e adxunta un escrito anexo ao proxecto, no que expón que “se tendrán más trabajadoras sociales sobre el mínimo exigido” **(0 puntos)**

Criterio 2. Recursos materiais

Non ofrece uniforme para as auxiliares de axuda no fogar **(0 puntos)**



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986768238.

OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS

Criterio 1. Recursos persoais

Ofrece 3 traballadoras socias de reforzo **(3 puntos)**

Criterio 2. Recursos materiais

Ofrece uniforme con logotipo de concello e empresa complementado con zocos. **(3 puntos)**

C) PLAN DE FORMACIÓN CONTINUO PARA O PERSONAL (máximo 6,00 puntos)

ADI SALU SERSOC S.L. (ADIPER)

Ofrece un plan de formación anual, online e gratuito, a disposición de todos os traballadores cun total de 100 horas **(1,00 puntos)**.

IDADES S.L.

Ofrece un plan de formación completo para todos os perfís profesionais además de ofertar cursos para cuidadores informais e poboación en xeral. Ademais de ofertar mensualmente diferentes cursos. A oferta da empresa conxuga máis de 2000 horas de formación xeral e específica. **(6,00 puntos)**.

MARTA GIL IGLESIAS (SALUVER)

Oferta nun anexo externo ao proxecto un plan de formación de 40 horas por traballador **(0 puntos)**

OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS

Oferta 2 plans diferenciados de formación: un para a formación inicial e outro para a formación continua. Ambos destinados unicamente ás auxiliares de axuda no fogar. Entre plans suman un total de 649 horas. **(3 puntos)**



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986768238.

D) PLAN DE CALIDADE/SISTEMA DE AVALIACIÓN (máximo 6,00 puntos)

ADI SALU SERSOC S.L.U. (ADIPER)

Expón que realizará seguimentos periódicos a todos os usuarios do que quedará constancia no informe individual de seguimento remitido ao servizos sociais bimensualmente. Non aporta enquisas de valoración de calidade do servizo. **(0,00 puntos).**

IDADES S.L.

Expón que se realizarán valoracións de satisfacción co SAF de todas as persoas usuarias e/ou unidade de convivencia a través da coordinadora do servizo cunha periodicidade cun mínimo de unha cada dous meses. Ademáis, farase unha enquisa trimestral por parte do delegado de calidade da empresa a todas as persoas usuarias e ao departamento de servizo sociais, para fondar noutros aspectos que repercuten na satisfacción co SAF. **(6,00 puntos).**

MARTA GIL IGLESIAS (SALUVER)

Expón, nun anexo externo ao proxecto, que “se realizarán dos encuestas de valoración anuais de la calidad de los servicios” **(0 puntos)**

OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS

Expón que se realizarán seguimentos a través do coordinador do SAF cunha periodicidade bimensual mediante visita domiciliaria para medir a satisfacción coa persoa que desempeña as tarefas no domicilio. Non menciona enquisas de valoración da calidade dos servizos. **(0 puntos)**



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986768238.

VALORACIÓN GLOBAL

		ADI SALU SERSOC S.L.U. (ADIPER)	IDADES S.L.	MARTA GIL IGLESIAS (SALUVER)	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS
Organigrama	Cadro de persoal e formación	2,50	3,00	0,25	1,00
	Sistema de coberturas e urxencias	1,00	4,00	0,00	3,00
Recursos	Recursos persoais	3,00	3,00	0,00	3,00
	Recursos materiais	0,50	3,00	0,00	3,00
Plan de formación continuo para o persoal		1,00	6,00	0,00	3,00
Plan de calidade / sistema de		0,00	6,00	0,00	0,00



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986768238.

avaliación				
TOTAL PUNTUACIÓN	8	25	0,25	13

A Lama, na data que figura á marxe

A Traballadora Social Municipal

Mónica Barreiro Estévez

